

Grafitti e poesía para o V día Lugrís

18 Decembro, 2014 Daniel Fernández Arte, Letras, Pintura, Recitais,
Recomendamos Non hai comentarios

O sábado, 20 de Nadal, celébrase unha nova homenaxe a Urbano Lugrís, o pintor coruñés do mar.

O pasado venres, na **homenaxe a Miguel González Garcés**, celebrada na biblioteca que leva o seu nome, invocábase a figura de Ulysses Fingal, pseudónimo literario do pintor **Urbano Lugrís**. Garcés e Lugrís eran moi amigos e o pintor ilustrou un libro do poeta. A invocación a Fingal foi a través dun fermoso poema de Estíbaliz Espinosa, titulado *Carne de mural/Carne de peixe*, dedicado ao mural de Lugrís situado no local do número 25 da rúa dos Olmos. Outro mural seu do que podemos gozar é o da cafetería Vecchio na rúa Real.



Monstruo Mariño, de Urbano Lugrís.

Este **sábado, 20 de Nadal**, organizado polo **Colectivo literario In nave civitas** en colaboración coa **A. C. O Mural** e a **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega**, celebrarase na Coruña, por quinto ano consecutivo, o Día Lugrís, lembrando ao pintor coruñés que faleceu un 23 de decembro de hai 41 anos. O programa estará cheo de cor, poesía, bruar de buguinas e mar.

Comezará esta nova xeira do Día Lugrís, ás 17.00h, coa súa parte máis plástica. Na **Praza José Seller**, paralela a rúa San Andrés, onde viviu o pintor, realizarase un *grafitti* no que se representarán dous dos seus cadros. Teresa Ramiro, membro do colectivo organizador, cóntanos como anécdota que unha das veciñas ás que pediron permiso para a realización do mural, estando conforme coa iniciativa, non gustaba do cuadro a representar xa que lle parecía “moi escuro”. Tras unha noite de reflexión coa almofada esta residente do edificio deu luz verde ao proxecto. Finalmente, o sábado pintaránse o “escuro”, **A illa de San Barandán**. Teresa espera que esta iniciativa poda realizarse en máis muros da cidade próximamente, e que no VI día Lugrís, poda organizarse un roteiro visitando estas obras.



A illa de San Barandán será o cadro de Urbano Lugrís que se representarán na fachada do edificio da praza José Seller

Logo da realización do mural, haberá un **obradoiro no que os asistentes poderán decorar os seus paraugas**. Estes paraugas de cores serán o corpo dunha serpe humana lugrísia que marchará polos Cantóns, María Pita e Cidade Vella, ata chegar ao xardín de San Carlos. Alí realizarase, **ás 18.30 h, unha pequena performance** lembrando o momento no que Urbano Lugrís e Antón Avilés de Taramancos se coñeceron. A historia conta que o escritor de Noia, a quen dará voz a poeta M^a Xosé Fernández, atopábase fronte á estatua de Sir John Moore, recitando o poema de

Rosalía de Castro, que xunto co de Charles Wolfe presiden ese espazo. Achegándose a el por detrás, Urbano Lugrís, encarnado polo escritor e presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira, empezou a recitar o poema de memoria. Nese intre máxico, arredor dos versos de Rosalía, nacería unha fonda amizade entre o poeta e o pintor, que os levaría a compartir moitas noites de bohemia coruñesa, así como a amizade con Garcés e con Álvarez Torneiro.

A Marcha Atlántica poñerase de novo en marcha, esta vez camiño da rúa do Papagaio, onde no **Monty4 Ambigú**, ás 20.30 h, terá lugar un recital poético mariñeiro, coa participación de **Manuel O'Rivas, Serafín Mourelle e Xosé Iglesias**, ambos mariñeiros da Coruña, o primeiro xa retirado. Invítase aos asistentes que teñan unha corna mariña, ou bugina, a levala para arrincarlle co alento o son do océano, participando, así, nesta homenaxe ao pintor do mar.